

Primus circumdedisti me

500 anos da viaxe de Magalhães/Elcano

JOAQUIM VENTURA

Se no século XV europeo –nomeadamente na súa segunda metade– houbo unha idea motor: esa foi a de recuperar a ruta comercial de Oriente. Hexemonizada durante séculos polas repúblicas italianas (Venecia a primeira) e por al-Ándalus, a caída de Bizancio a mans dos turcos en 1453 deixou tapado o leste mediterráneo para o libre comercio por parte do occidente europeo.

A saída atlántica quedaba imposibilitada para pisanos, xenoveses e venecianos por obvias razóns loxísticas (o sistema de navegación mediterráneo non era viable alén Xibraltar). Por tal motivo, Portugal (país de indubidable vocación marítima) estaba perfectamente situada para procurar unha vía que solucionase aquel colapso comercial. Por contra, Castela só pensaba na súa expansión territorial e tivo que aceptar as primeiras conquistas feitas nas Canarias polo normando Jean de Bethencourt en 1401, completadas pola campaña real de 1496. Entre tanto, os portugueses exploraran a vía de Adén para chegar á India (cousa que acadaron en 1487) con regreso pola costa oriental de África; asemade, percorreron a súa costa occidental e Bartomeus Dias conseguiu pasar o cabo de Boa Esperanza e chegar ao Índico.

Cristóbal Colón, coñecedor moi probablemente da chegada á India en 1487, propuxo a Isabel de Castela a ruta transatlántica para chegar a Oriente. Porén, en 1492 chegou a terras caribes, non a Cipango nin a India. A rivalidade que poderían suscitar estas empresas conduciron a Castela e Portugal a asinar inmediatamente o Tratado de Tordesillas (1494) que preservaba as respectivas vías de navegación establecendo a divisoria a 370 leguas ao oeste das illas de Cabo Verde. Pedro Álvares de Cabral chegou ao Brasil (1500),

Se difícil era guiar a expedición polo mar aberto, máis aínda resultaba facelo entre illas descoñecidas cunha demografía considerable. E isto foi o que sucedeu cando as dúas naves que continuaban viaxe deixaron a illa de Cebú para seguir cara a Borneo e a Tidore, coa comandancia de Gonzalo Gómez de Espinosa.

Este militar, natural de los Monteros, nas Merindades castelás, en abril de 1519 foi nomeado por cédula real alguacil maior da flota para procurar tripulacións. Chegadas as naves as costas patagónicas para pasaren o inverno austral, Gonzalo Gómez conxurou un motín de diversos capitáns que se apoderaran de tres naves, matando a un de-

les, Luís Mendoza.

Despois da morte de Magalhães en Mactan (Cebú), as tripulacións elixiron o escritor e comerciante Duarte Barbosa, o seu cuñado. Pero traizoado e morto polo rei de Cebú, foi substituído polo piloto João Lopes de Carvalho, que viaxaba co seu fillo, tido cunha tupi.

En setembro de 1521 Gonzalo Gómez foi elixido capitán da "Trinidad" e cando en Tidore esta nave padeceu unha avaría, ficou para reparala. Pero imposibilitados de regresar a Castela, foron feitos prisioneiros por un capitán portugués que os enviou a Lisboa e só obtiveron a liberdade en 1527 por mediación real.

Os esquecidos



De arriba
abaixo: Juan Sebastián Elcano (1476-1526), Fernão de Magalhães (1480-1521).
Azulexo conmemorativo da Primeira volta ao Mundo.

terra que quedaba na banda portuguesa establecida en Tordesillas. En paralelo, en 1513 o estreño Vasco Núñez de Balboa descubriu, no extremo oposto do istmo de Panamá a existencia doutro mar. Había, pois, a posibilidade dunha nova zona de navegación cara ao oeste.

Daquela, ¿onde remataba polo leste a zona asiática preservada a Portugal? E é aquí onde aparece o militar e navegante Fernão de Magalhães, que participara na conquista de Malaca en 1511, de onde regresou a Lisboa cun importante botín. Nos anos seguintes recibiu cartas do seu compañeiro de expedición Francisco de Serrão, que

navegara ata as Molucas.

Coñecedor das especias que alí se producían, Magalhães ofertou ao rei Manuel I a posibilidade de procurar unha vía de paso á mar descuberta por Núñez de Balboa. Menosprezado polo monarca portugués, fixo o ofrecemento a un Carlos I aínda mozo, que aceptou a proposta. Magalhães comezou a organizar a expedición coa participación de navegantes experimentados –como o vasco Juan Sebastián Elcano– e o xeógrafo veneciano Antonio Pigafetta. A expedición non tiña ningunha vontade científica senón claramente económica, incluso persoal.

O obxectivo era chegar ás illas Molucas e comprobar se este arquipélago estaba excluído da zona marítima privativa portuguesa nas antípodas. Era o único lugar do mundo, daquela, que producía noz moscada e cravo de olor (con Madagascar), especias xa comerciadas por indios, árabes e chineses. En 1526 Elcano chegou outra vez ás Molucas, na expedición de García Jofre de Loaisa, que estableceu un forte, conquistado polos portugueses en 1529. O enlace de Carlos I con Isabel de Portugal e as dificultades técnicas de establecer unha ruta comercial, especialmente de retorno cos barcos cargados, levaron ao Tratado de Zaragoza, polo cal España renunciaba á ruta do Pacífico para chegar ás Molucas. Ben axiña chegaron os holandeses e mais os ingleses, os gañadores do asunto.